

O PORQUIÑO

Texto e ilustracións de **ARNOLD LOBEL**

Tradución de **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ BARREIRO**

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 72 páx. 15 €.

O porquiño (galego)

ISBN 978-84-8464-703-4. Tras os montes.

El cerdito (castelán)

ISBN 978-84-96388-93-2. Libros para soñar.

El porquet (catalán)

ISBN 978-84-936667-8-1. Kalandraka-Hipòtesi.

Txerriño (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-593-9. Kalandraka-Pamiela.

O porquinho (portugués)

ISBN 978-989-8205-28-5. Livros para sonhar.

O porquiño vivía no seu cortello, nunha granxa.


Ao porquiño gustáballe comer, correr arredor do cortello e durmir. Pero o que máis lle gustaba era sentarse e estomballarse na lama.

O granxeiro e a súa muller querían moito ao porquiño.

-Para nós, es o mellor porco do mundo -dicían...

A historia do porquiño que acaba cimentado na beirarrúa dunha gran cidade xorde da imaxinación de Arnold Lobel como outros relatos entrañables, sinxelos e fermosos dos que tamén é autor, como “Sopa de rato”, “Contos de ratiños” e “Tío Elefante”, publicados por KALANDRAKA. A súa obra caracterízase pola busca dos acentos persoais, as emocións básicas e os ambientes cotiás. De aí a concisión do seu estilo literario, a base de palabras esenciais, como a condición humana que intenta plasmar.

Unha acción tan inocente e á vez tan contraditoria como a limpeza dun cortello, desencadea unha serie de despropósitos que converten o porquiño no protagonista dunha complexa operación de rescate. A súa desventura conmóvenos, pero ao mesmo tempo fainos rir. As ilustracións redundan nese sentido do humor, levándonos do campo á cidade, nunha viaxe de ida e volta inesquecible.



■ **Temática:** relato humorístico.

■ **Idade recomendada:** Educación Infantil.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil, do autor de “Sopa de rato”, “Contos de ratiños” e “Tío Elefante” (Kalandraka); iniciación á lectura; diferenzas entre contorno rural e urbán, animais domésticos, polución.

Arnold Lobel

(Os Ánxeles, 1933 – Nova York, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute, onde coñeceu á que sería a súa muller, a ilustradora Anita Kempler. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e posteriormente adicouse a ilustrar historias escritas por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, “A Zoo for Mister Muster”, ao que lle seguiu un ano despois “A Holiday for Mister Muster”. Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios logrados destacan o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron case unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com